

## Un total de 36 espectáculos e máis de 300 profesionais inscríbense nos XXVII Premios de Teatro María Casares

*A primeira rolda de votacións xa está aberta a un censo de votantes de máis de 450 profesionais do sector escénico, conformado por actores, actrices, directores e directoras asociadas á AAAG, responsables de programacións, xornalistas, críticos, finalistas e gañadores/as de edicións anteriores*

*A finais de febreiro coñeceranse as propostas finalistas para as 16 categorías nas que se dividen os María Casares, que neste 2023 engadiron dous novos galardóns: mellor dirección de movemento e mellor espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas*

**Santiago, 24 de xaneiro de 2023.-** Un total de 36 espectáculos e máis de 300 profesionais concorren aos XXVII Premios de Teatro María Casares, galardóns organizados de forma anual pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) coa colaboración habitual de institucións e entidades como son a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña, a Deputación da Coruña, o Padroado de Cultura do Concello de Narón, a Fundación AISGE ou Gadis. O proceso de inscrición, realizado integramente a través da web da AAAG, finalizou o pasado 9 de xaneiro rexistrando unha gran participación. Desta volta, 36 montaxes postúlanse nas dezaseis categorías nas que se dividen os premios dende este 2023, ano en que se crearon dous novos apartados (dirección de movemento e espectáculo de monicreques). Os María Casares concederán así os seguintes 16 premios: maquillaxe, vestuario, iluminación, espazo escénico, espazo sonoro, texto orixinal, adaptación-tradución, actor secundario, actriz secundaria, actor protagonista, actriz protagonista, dirección de movemento, dirección, espectáculo, espectáculo infantil e espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas.

Tras a fase de inscrición, a AAAG inicia hoxe, mércores 25 de xaneiro, a primeira rolda de votacións, aberta xa a un censo formado por máis de 450 profesionais do sector das artes escénicas. Dese xeito, ademais do colectivo de membros da AAAG, poderán votar responsables da xestión e da programación cultural, xornalistas, críticos e as persoas finalistas en edicións anteriores. Das súas votacións, sairán os espectáculos e

profesionais finalistas en cada unha das dezaseis categorías, que se darán a coñecer a finais do mes de febreiro.

Os Premios de Teatro María Casares entregáronse por vez primeira en 1997 e dende aquela son o gran escaparate do teatro, así como a gran festa para toda a profesión teatral. Este ano, a entrega celebrárase o xoves 30 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Deste xeito, tras tres edicións que se viron afectadas pola situación sanitaria, a gala dos María Casares volve celebrarse na semana do Día Mundial do Teatro, que se conmemora o 27 de marzo. Durante a gala, entregaranse ademais o Premio de Honra Marisa Soto, que se lle concede cada ano como homenaxe a unha persoa ou a unha entidade cuxa traxectoria contribuíu significativamente ao desenvolvemento do sector, e lerase o Manifesto Galego no Día Mundial do Teatro.

### Espectáculos inscritos nos XXVII Premios de Teatro María Casares

Espectáculo	Compañía
<b>A Peste</b>	Centro Dramático Galego
<b>Alma de Tigre</b>	Elefante Elegante
<b>AMANTIS, selfies, sexting e outras formas de amar(se)</b>	Rebordelos
<b>Arraianos</b>	Sarabela Teatro
<b>Arte sen guión</b>	Galeatro
<b>As Mapoulas</b>	Laboratorio Escénico
<b>Ás oito da tarde, cando morren as nais</b>	Centro Dramático Galego
<b>As que limpan</b>	A Panadaría
<b>Come and Go</b>	Helena Salgueiro
<b>Continente María</b>	Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante
<b>Esas Cousas Marabillosas</b>	Empatía Teatro
<b>Hotel Europa</b>	Señora Supina
<b>Mentres dure a canción</b>	Producións Dispersas
<b>Miss Docet</b>	Compañía Eléctrica
<b>Morte accidental dun anarquista</b>	Talía Teatro
<b>O Deus do pop</b>	Diego Anido
<b>O Péndulo</b>	Inversa Teatro
<b>O Porco de pé</b>	Producións Teatráis Excéntricas
<b>Papagena</b>	ButacaZero
<b>Páxaros no cabo</b>	Pistacatro Produtora de Soños
<b>Pirolíticos</b>	Producións Teatráis Excéntricas
<b>Ragazzo</b>	Barrosanta

<b>Recortes, caneos e outras formas de driblar</b>	Ainé Producións e Centro Dramático Galego
<b>Relato para un incendio</b>	aAntena
<b>Sen lingua</b>	Serea Teatro
<b>Smoke on the water</b>	Ibuprofeno Teatro
<b>The Witch, un espectáculo ritual</b>	Cía Diana Sieira
<b>Último verán en Santa Cristina</b>	Teatro do Noroeste
<b>A Barca do Inferno</b>	Nauta Teatro
<b>Dinosaurios. O regreso dos Saurios</b>	Monicreques Larei Lará
<b>Raio The Loubican</b>	Mircromina
<b>Xela contra o Dragón Traga-verbas</b>	Títeres Cachirulo
<b>A Meiga da Fonte</b>	Escola Galega de Teatro Musical
<b>A nena que vivía nunha caixa de mistos</b>	Caramuxo Teatro
<b>Ninja</b>	Teatro Ghazafelhos
<b>Wombo Combo</b>	Galeatro